



BASES DO CAMPAMENTO DE VERÁN

1. O **CAMPAMENTO DE VERÁN** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e cativas, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. O Campamento de Verán está **DIRIXIDO** a nenas e nenos con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o **6 de xullo e o 28 de agosto de 2020 (de luns a venres)** nas instalacións do CPI de Pontecesures situado na rúa Avelino Pousa Antelo, 2 – Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures.

As prazas ocuparanse por rigoroso orden de inscrición.

TERÁN PREFERENCIA PARA UTILIZAR O SERVIZO as unidades familiares con nenos e nenas empadroados no Concello de Pontecesures, dando prioridade a aquelas familias que xustifiquen debidamente a necesidade de conciliar a vida familiar e laboral.

En caso de quedar prazas vacantes, poderán participar nenos e nenas doutros concellos.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. As **QUENDAS**, quedan distribuídas do seguinte xeito (DE LUNS A VENRES):

- ✦ Primeira quenda. Do 6 ao 17 de xullo.
- ✦ Segunda quenda. Do 20 ao 31 de xullo.
- ✦ Terceira quenda. Do 3 ao 14 de agosto.
- ✦ Cuarta quenda. Do 17 ao 28 de agosto.



7. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 45 prazas por quenda. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 15 solicitudes por quenda .

8. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e aportando a documentación que se require en dita solicitude a cal poderán descargar na seguinte ligazón <http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1469> ou recoller nas oficinas do Concello. Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

9. **PRAZO DE INSCRICIÓN.** Ata o **xoves 2 de xullo** para as inscricións do mes de xullo (1ª e 2ª quenda). Ata o **mércores 29 de xullo** para as inscricións do mes de agosto (3ª e 4ª quenda).

Poderá facerse dende o primeiro día a inscrición para todo o Campamento.